

## INDICACIÓN PUBLICIDADE QUE DEBERÁN SEGUIR AS EMPRESAS

Para dar cumprimento aos distintos puntos do anexo VII deberan usarse os formatos que se reproducen a continuación:

1. En todas as **medidas de información e comunicación** que leve a cabo, o beneficiario deberá recoñecer o apoio do Igape, da Xunta de Galicia e do Feder ao proxecto, incluíndo a imaxe institucional do Igape e da Xunta de Galicia e mostrando:

- a) O emblema da Unión e unha referencia á Unión Europea.
- b) Referencia ao Fondo que da apoio ao proxecto.

O formato a utilizar é o seguinte:

### PROXECTO COFINANCIADO POR IGAPE, XUNTA DE GALICIA E FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL DO PROGRAMA OPERATIVO 2014-2020

#### **2. Durante a realización do proxecto:**

a) Breve descrición no seu sitio de Internet, no caso de que dispoña dun, do proxecto, de xeito proporcionado ao nivel de apoio prestado, cos seus obxectivos e resultados, e destacando o apoio financeiro do Igape, da Xunta de Galicia e da Unión;

Formato:

*“Esta empresa participa no Plan Foexga 2016-2017*

*Operación cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional*

*Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020*

*Plan Foexga 2016-2017*



*Como apoio ao proceso de internacionalización, “(nome empresa),” ten axuda concedida polo IGAPE para participar no Plan de Fomento das exportacións galegas (Foexga) 2016-2017, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo FEDER de Galicia 2014-2020. OT3. “Conseguir un tecido empresarial mais competitivo”.*

**Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, unha maneira de facer Europa**

*O obxectivo principal do Plan Foexga é incentivar e estimular o comercio exterior galego e a internacionalización das pemes galegas. O resultado que se pretende é aumentar a base de empresas exportadoras e consolidar a presenza de empresas galegas nos mercados internacionais.”*

- c) Colocar polo menos un cartel con información sobre o proxecto (dun tamaño mínimo A3), no que se mencionará a axuda financeira do Igape, da Xunta de Galicia do Consorcio e de Feder, nun lugar visible para o público, por exemplo, na entrada do edificio.

Formato:

|  |   |   |   |
|--|---|---|---|
|  XUNTA<br>DE GALICIA  |  UNIÓN EUROPEA |  igape» |  galicia |
| <p><b>Plan de Fomento das exportacións galegas (Foexga) 2016-2017</b></p> <p>Operación cofinanciada pola Unión Europea<br/>Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020</p> <p>Conseguir un tecido empresarial máis competitivo</p> <p><i>Unha maneira de facer Europa</i></p> |   |   |   |

**Para a acreditación da publicidade, deberá presentarse:**

- Copia de calquera información e comunicación que leve a cabo o beneficiario en relación o Plan Foexga 2016 - 2017 onde se debe recoñecer o apoio dos organismos segundo o formato proposto no punto 1
- Captura da páxina web da empresa onde figure o formato proposto no punto 2 a)
- Fotografía do cartel con información do proxecto nun lugar visible na empresa para o público segundo o formato no punto 2 c)